



A. PORTELA PAZ • A. RODRIGUEZ FRAIZ

AS PONTES DO LEREZ



PONTE NOVA DE LIXÓ
SAN XURXO DE SACOS - COTOBADE



Portela



PONTE NOVA DE LIXÓ

*Como ispido na forza do seu arco,
lanzal teu corpo, sen ferir a area,
sortiuse con lediza de venablo
para o cachón das augas balbordeiras...
(E.B.A.)*

SIN dúbida a ponte mais lanzal e arriscada do río Lérez, dunha beleza dina da paisaxe que lle sirve de berce e do río que debaixo dela retorcese de pedra en pedra engaiolandoas con forza de xigante e pacencia de namorado hastra dálles novos xeitos, novas existencias, novas vidas; para logo dormir solermiño á soma ben amada de barudos ameneiros. Paraxe unico en todo o Lérez que no seu correr tantos enxerga para lecer dos que saben disfróitalos, onde o home dende tempos prehistóricos soerguéu templos as ninfas, as augas e logo a Santa Maria:

San Xurxo está no alto
Fentáns nun baixiño,

Nosa Señora de Lixó
a veiriña do río.

Romeiria da meirande importancia en tempos non moi esquencidos xunguida pola ponte á dos santos Xusto e Pastor, ningún romeiro sentia cumprida a promesa senon reza, canta e troula arredor da capela da Nosa Sra. dos Remedios de Lixó e logo na de San Xusto da Carballeira millor cantada da Galiza:

Carballeira do San Xusto,
Carballeira derramada;
naquela carballeiriña
perdin a miña navalla.

Soérguese esta ponte sobor de fortes
pañascas, esteos e contrafortes redon-

deados dun só arco. Nos esteos óllanse dúas andainas, unha románica ós dous metros e meio de outura con varios chineles para vigas, mostra que nun principio foi Ponte de Madeiros; mais ó enxergar a obra aitual de canteiría concertada, chamóuse Ponte Nova, xuntamente con Ponte Romana. Tal como hoxe se olla o lanzal arco apuntado pode datarse dos derradeiros do séc. XIV o XV.

A luz desta pouco coñecida ponte pasa dos corenta metros de outo uns trinta e cinco sobor do leito do río por tres de ancho. De pedra concertada, ben luida, as claves longas e estreitas para maor seguridade de tan moimental obra. Non se ollan signos nos esteos nin na bóveda dos canteiros de San Xurxo e Santa Maria de Sacos, cos de San Cidre que a enxergaron.

Esta ponte foi soíña en toda a ribeira de Cotobade e Campo-Lameiro, obrigado paso para as xentes da Corredoira, Caroi, Sacos... para o Campo, Moraña, Moimenta, Cuntis... denantes de enxergar a estrada e Ponte Nova de San Xurxo ó Campo-Lameiro, Cutián e Fentáns...

Como totalas pontes medievais, ten importancia no mundo máxico co rito do

boutismo no ventre da nai ou “quebra do sino”. Ninguén describén millor nin mais poeticamente esta fonda creencia das xentes galáicas, que o insine Valle-Inclán en “Aguia de Blasón”: “...el bautizo se hace en la entraña de la madre para que el niño nazca en su tiempo y se logre. Una mala mujer diome un hechizo en una manzana reineta, y no logro familia. ¡Ay, Jesús! ¡Condenada ladra! Ya le ofrecíamos una carga de trigo porque rompiere el embrujo y no quiso. ¡Condenada ladra! Por no andar en cuentos con la justicia no la hube tullido a palos... Bendiga el agua para que sea santa, mi señora?. ¿Que nombre quiere ponerle al que está por nacer?... Yo te bautizo con agua santa del Jordán, como al Señor Jesucristo bautizó el señor San Juan. Yo te bautizo y te pongo el nombre bendito que porta la santidad y la sanidad consigo. Si niña hubieres de nacer, el nombre de la Virgen Santísima habrás de tener, y si de varón hubieres la condición, tendrás el nombre de San Amaro glorioso, que se sienta a la mesa de Dios Nuestro Señor Todo Poderoso. Amen, Jesús... El hijo me bate en las entrañas con el talón del pié. ¡Me bate en las entrañas!...”